



TEATRO INFANTIL

Paloma Pedrero: 'A ILLA AMARELA'

*Kuavi, xefe da tribo da Illa Amarela, e catro **mozos** da mesma fixeron unha viaxe a Europa para ver como somos, e se somos merecentes da confianza que require o intercambio do ouro da súa illa e os seus paradisíacos recunchos, cos nosos «dons e intelixencia». A expedición chega á praia onde está reunida a tribo (os espectadores) e comeza unha exhaustiva mostra dos nosos costumes e xeito de vida. A partir dese intre comezan a*

desenvolverse unha morea de escenas curtas e trepidantes nas que se amosan diversos aspectos da nosa vida cotiá, tirándolle o zume ao seu absurdo pola interpretación que os indíxenas fan deles. Por unha desmesurada necesidade de diñeiro, a xente civilizada vese «catapultada na febre da existencia contemporánea». Repárase na forma de vestir, nas vivendas, na superespecialización profesional, o maquinismo, os xornais, o uso de





recursos, o desbarate enerxético, **a contaminación**, o tempo... Os aborixes non fan chistes de nós, sorprendémoslos, a graza vémosla nós, os «papalaguis», cando nos atopamos espidos diante do noso ridículo despois de ter sido filtrados pola peneira do seu irremediábel sentido común. Desde o entendemento da vida dunha maneira sinxela, en harmonía coa natureza e pacífica, Kuavi pide aos seus irmáns e irmás que non se deixen seducir polos cantos de serea occidentais.

(Extracto do programa de man)

Na posta en escena predomina o amarelo e as cores ocres e da gama dos marróns, o que pode simbolizar a terra que é propia da illa que visitan os personaxes. O que no fondo expón a obra é unha perturbadora cuestión de desprazamento, recoñecemento e asimilación que atopamos noutras obras nas que un home abandona os marcos da súa civilización e asume os do mundo considerado bárbaro. Os modelos van de Swift e Defoe a Carpentier, pasando por Conrad. Neste caso, hai que sinalar que a viaxe se concibe ao contrario que a tradición literaria, pois son os nativos dunha illa os que queren descubrir os modos de vida occidentais.

